

Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte ago-
ra,
mañán... na vida e na
(morte!)

R. CABANILLAS

A nosa terra

Ano XXX — Núm. 456



BÓS AIRES, OUTUBRO DE 1947

Registro Nacional de la
Propiedad Intelectual 231.437

PRINCIPIOS DO

GALEGUISMO

- 1- Galicia, unidade cul-
tura.
- 2- Galicia, pobo autóctono.
- 3- Galicia, coa comunidade
cooperativa.
- 4- Galicia, céntrica de uni-
versalidades.

Ante as Crisis do Goberno da República

Unida de Giral

Sabido é que a crisis do Go-
berno Giral — avalado polas
Cortes da República, en Méxi-
co —, non foi outra cousa que a
crisis do republicanismo hespa-
ñol. A claudicación de uns e a
insensatez de outros puxéronse
d-acordo para acabaren con aquel
Goberno, na hora máis esperan-
zadora da súa xestión. A conxun-
ta foi dirixida pol-os socialistas
de Prieto, que atoparon terreo
abonado na decadencia moral de
moitos e variados grupos. Ocu-
reu que o veneno xa non daba
resultado, i entón os conxurados
botaron man da navalla, come-
tendo un crime que só foi posi-
ble porque non era verdade o re-
publicanismo profesado pol-os
partidos sobreviventes do destierro.
Eiquí debemos rexistrar o
excelente comportamento do Mi-
nistro galego, que defendeu o
Goberno Giral por entender que
así defendía á República, facén-
dose diño sucesor de Eduardo
Chao, con quen pode compa-
rarse. (1).

Fracaso de Barcia

Caído Giral, encargouse de
formar novo Goberno a don Au-
gusto Barcia, como continuador
da política declarada e aprobada
nas Cortes de México; pero non
lle foi posible conquistar as axu-
das precisas. O fracaso de Bar-
cia puxo de manifesto a esven-
ción da conxura criminal, que
aínda hoxe rebule e carcome as
postrimeiras enerxías do repu-
blicanismo hespañol. A todo es-
to, a B. B. C. de Londres lanzou
ao éter un comentario do "The
Observer", en axuda dos conxur-
ados, que remataba con estas
verbas: "O Sr. Martínez Barrio
atópase ante o dilema de ter que
liquidar o réxime que el repre-
senta oficialmente, ou manter a
existencia d'unha República que
non sómente carece de territo-
rio, senón que, ademais, non con-
ta coa simpatía de moitos dos
que denantes a apoiaban". Tra-
tábase, pois, evidentemente,
d'unha manobra prietista, que
tiña por obxecto algo máis que
derrubar ao Goberno Giral. Tra-
tábase de arruinar a legalidade
da República. E a este xogo
prestáronse moitos e variados
grupos, aparte dos socialistas de
Prieto.

Goberno de Llopi

Formouse, por fin, o segundo
Goberno, baixo a presidencia de
Llopi, é dicir, baixo a égida so-
cialista. Llopi contou cos mes-
mos elementos políticos que in-
tegraban o Goberno Giral, me-
nos a representación de Galiza,
que non foi requerida. Dixérase
que o segundo Goberno só se
formou para espulsar ao repre-
sentante galego... Pero, velahí
que Trifón Gómez —o Ministro
definidor da política prietista—
tivo a ben explicar en dúas con-
ferencias públicas o alcance e ra-
zón da crisis, por eles provocada.

Dixo que os socialistas agarda-
ban a derrota (?) de Giral na
ONU e o vérense acompañados
por outros elementos para der-
rubar ao Goberno; que pro-
vocaron a caída de Giral para
que a monarquía non se restau-
rase en Hespaña sen a interven-
ción dos socialistas; que eles non
querían formar un novo Gober-
no, senón unha simple Xunta de
representantes políticos e sindi-
caes; que xa non se debía falar

cán coma o que máis; pero non
era dono de si, e só tratou de
gastar o tempo, como aqueles
banqueiros de timba barata, que
baraxan e baraxan, decindo pa-
ra o seu chaleque: "Mentras ba-
raxo non perdo". Pero tamén lle
chega o fin aos que malgastan o
tempo, e Llopi tivo que renun-
ciar aos entorchados de Premier
cando así o dispuxeron os socia-
listas de Prieto. E agora pre-
guntámolle nós aos acompañan-

que o terceiro podía resultar o
que os comerciantes chaman un-
ha "liquidación por fin de tem-
porada". Pensábase así porque
a inestabilidade dos Gobernos,
en calquera país, revela a des-
composición do orde democráti-
co; pero as sucesivas crisis d'un
Goberno estraterritorial, creado
somentes para defender unha
causa xusta, poñen en evidencia
a incapacidade dos desterrados
para chegaren a gobernar. Con
esto decláramos a nosa total des-
avenencia cos causantes da ban-
carrota republicán. Entendía-
mos, e seguimos entendendo, que
para salvarnos non había outro
recurso que o de manter a con-
tinuidade do Goberno Giral, plea-
mente representativo e cuio ori-
xe non foi outro que o de resis-
tir as maiores adversidades até
vermos restabelecida en Hespaña
unha verdadeira democracia.
Non os estranaría que algún sei-
tor poidera caer na tentación de
entenderse cos monárquicos pa-
ra derrubaren a Franco, opoñen-
do a idea d'un plebiscito ao pro-
pósito de reimplantar sen máis
nin máis a monarquía, ou abra-
zando a idea d'un Goberno pro-
visional para opoñelo ao reinado
franquista; pero isto nunca de-
bería comprometer a saúde das
institucións da República, crea-
das no exilio, correndo de paso
a causa que defendeu o povo
hespañol coas armas na man.
Porque a quebra de semellantes
maniobras sómente deben paga-
la os aventureiros que nelas se
embarquen; pero non o republi-
canismo hespañol, que conta con
tantos e tantos miles de márti-
res. Desgraciadamente, n-esa
aventura están os que derrubar-
on ao primeiro Goberno e os
que non souperon ou non quixe-
ron defendelo, i ésta é moita xen-
te para que o fracaso non resul-
te unha catástrofe xeral.

O terceiro Gabinete

En fin; caíu Llopi e rubiu Al-
bornoz ao fronte d'un cativo mi-
nisterio. O Goberno da Repú-
blica baixou con esto até o ter-
ceiro degrau, e só Izquierda Re-
publicana e Unión Republicana
integran o novo equipo. A crisis
derradeira foi longa e traballo-
sa, na que os máis variados par-
tidos complacéronse en acumu-
lar dificultades á xestión de
Albornoz. Os galegos recoñece-
mos a lexitimidade do terceiro
Goberno como recoñecemos ao
segundo; pero d-esta vez opoñe-
mos unha reserva tamén lexíti-
ma, obrigados pol-a nosa diñida-
de ofendida sen razón nin moti-
vo. Decimos isto porque o señor
Albornoz rechazou de plano a
representación ministerial de
Galiza, que lle fora pedida espon-
taneamente pol-os vascos, fun-
dándose n-unha suposta oposi-
ción de "elementos sustanciales
de Izquierda Republicana". Non
sabemos quen eses "ele-
mentos sustanciales", que de

modo tan inopinado e gratuito
se atreven a vetar aos autono-
mistas galegos, estando como es-
tán na obriga de defendelos, por
pacto firmado pol-o ilustre Azar-
ña en nome d-aquel partido. Non
sabemos quen pudo ter a ousa-
día de vetar a representación de
Galiza, antes de saber si os ga-
legos arelamos ou non acompa-
ñar ao Sr. Albornoz, pois nin-
guén iñora que o representante
galego no Ministerio que presi-
día o Sr. Giral produxose c-unha
lealdade exemplar e única, da
que o propio Albornoz foi tes-
tigo. Nós comprendemos moi
ben a oposición dos socialistas
de Prieto; pero negámonos a
comprender a oposición dos re-
publicáns, como non sexa que
lles moleste o noso republicanis-
mo, indiscutiblemente demostra-
do. De todos xeitos, será come-
mente dicir que a forza dos ga-
legos autonomistas suma máis
que todas as forzas representa-
das no actual Goberno, e que,
pol-o tanto, podemos permitirmos
o luxo de desprezar a inquina
que se nos ten. Outros no noso
lugar xa terían abrazado o se-
paratismo, pero tempos chega-
rán en que a todos se nos faga
a xusticia debida. A nosa firme
posición non pode vacilar por
tan pouca cousa.

Rexurdimento republicán

En resume, nós ademitimos a
posibilidade d-unha plea recupe-
ración do republicanismo hespa-
ñol, cando as maquinacións de
Prieto fracasen e os insensatos
que axudaron a derrubar o Go-
berno Giral se convenzan de que
os dirixentes da conxura obraron
por propia conta, sen previo con-
venio cos amos do mundo. En-
tón será o intre de refacer o Go-
berno nacido legalmente nas
Cortes de México e derrubado
vilmente en París. Entón será a
hora de chamar a capitulo; e os
galegos autonomistas acodire-
mos con todo entusiasmo, si non
se volve a descoñecer o dereito
que nós temos ben gañado, en
cuio caso considerariámos aos
republicáns hespañoles tan indí-
ños do noso afeito como consi-
ramos aos monárquicos.

A nosa esperanza

A claudicación de uns e a in-
sensatez de outros xa está
d-abondo probada, como proba-
da está a lealdade e cordura dos
galegos autonomistas. Nós espe-
ramos, a pesares de todo, que a
cordura dos republicáns hespa-
ñoles non lles chegue na hora da
morte, como aconteceu con don
Quixote, o cabaleiro da triste fi-
gura.

(1) O discurso que pronun-
ciou Castelao no histórico Con-
selo de Ministros que determi-
nou a caída de Giral foi publi-
cado íntegro en A NOSA TER-
RA, de abril derradeiro.

Castelao Novamente con Nosco

Un ano — longo ano — istivemos os galegos de Bós
Aires sen a presenza física do noso esgrevio irmán e guieiro,
diputado e Presidente do Consello de Galiza, don Alfonso
R. Castelao; sen a presenza física, pois a súa presenza es-
piritual se mantivo de cote late-
xante, alcendendo as nosas are-
las e presidindo as nosas labou-
ras patrióticas.



En cumprimento de outras
obrigas, tivo de ir a Franza pra
representar a Galiza no Goberno
Republicán que presidiu tan dina
e certamente don Xosé Giral,
representazón que exerceu Cas-
telao coa máisima dinidade en
ben da nosa patria galega i en
ben da República Hespañola a
que serviu c-unha lealtade exem-
plarísima.

Castelao pasou un ano en París. Foi ano de moito sa-
grezizo e de angurias espirotaes a oito. E tamén de sofren-
mentos físicos, pois o crú inverno e as escasezas que pade-
ceu Franza, feriron a súa saúde. Soio a súa rexa vontade e
o seu afervorado patriotismo galego e o amor á causa repu-
blicán, poideron facerlle sobrelevar todol-os padecimentos
espirotaes e corporaes.

De todos é ben coñecida a aituación de Castelao en Pa-
rís, como defendeu leal e rexamente á República alcontra
das treizoneiras maquinacións dos fraudicantes e dos en-
treguistas; e como defendeu enérxica e alcendidamente os
sagros dereitos da Galiza. A súa aituación ficará na histo-
ria do esmorecemento da Segunda República Hespañola coa
mesma brillanteza e honor, como a que tivo o ministro ga-
lego Chao no esmorecemento da Primeira.


Cando xa viu que en París a súa presenza e a súa la-
bours non tiñan razón proveitosa de ser, rendíuse ao constan-
te chamado que os galegos de Bós Aires lle faciamos. E
voitou á nosa veira no mes da Galiza —no Xulio derradei-
ro—, sendo recibido con ledicia e con agarimo estraordina-
rios. Eiquí, xa repostado das súas mágoas, voltou a súa ma-
nífeca labours cultural e galeguista, enchendo á Galiza li-
bre — a que istá ceibe das gadoupas falanxistas — coa súa
presenza e doándolle quentura e azos coa súa verba alcen-
dida e coa súa pruma guiadoira.

máis da lexitimidade das institu-
cións da República no exilio;
que nada do réxime derradeiro
tiña importancia ante o intrín-
seco de derrubar a Franco, etc., etc.
Con estes conceptos ilícitos, en-
gadíados ás vacilantes declara-
cións do propio Goberno colo-
couse a legalidade da República
sobre a mesa de disección. O na-
tural sería que os partidos re-
publicáns, dispóis da barrabasa-
da cometida, trataran de fortale-
cer o segundo Goberno até fa-
celo diño sucesor do primeiro;
pero non tiñan folgos para tal
empresa. Llopi era tan republi-

tes de Llopi si Galiza perdeu
algo ao quedar fora do segundo
Goberno, ou si eles gañaron algo
ao poñerense ao servizo dos so-
cialistas. Porque con Llopi cae-
ron todol-os seus acompañantes,
sen gloria nin proveito, como
caerían na deshonra si Llopi re-
sultara un home sin honor.

Non quedamos doidos

Aos galegos non os doe que-
dar fora do Goberno Llopi, por-
que sabiamos que o segundo Go-
berno tiña de ser forzosamente
máis endeble que o primeiro; e



O "Caudillo" protesta con moita frescura diante do goberno inglés, polo que considera unha inxerencia nos asuntos de España, ao ter Mr. Bevin unha conversa co líder monárquico, Sr. Xil Robles, e outra con Don Indalecio Prieto, o inqueda e nunca satisfeito socialista astur.

E unha verdadeira lástima que o xeneralísimo non tivera as mesmas ideas de hoxe, respecto á intervención estranxeira na rosa patria, o ano que se sublevou contra do goberno lexítimo da República.

¡Cánto sangue, cánta vergonza e cánta miseria houbera evitado a España!

E poida que estivera máis contento.

* * *

A propósito de conferencias, Xil Robles nega que se houbera entrevistado con Prieto en Londres, máis este afirma o contrario.

¿A quen facerlle caso? Polo de pronto o "A B C", o órgano monárquico de Madrid, asegura que non haberá ningún Xordán capaz de lavar ao Sr. Prieto da mancha roxa que o luxa.

Que vaia tomando nota o avispado intrigante.

* * *

POR certo que Don Xoán tamén negou que Xil Robles tivera autorización súa para tratar con ninguén sobor do pauto anti-franquista.

Este Don Xoán vai resultando incomprensible. Quere e non quere. Fai e desfai. ¿Estará bordando a tela de Penélope?

Abofé que si a causa non fora tan tráxica, podíase facer un bó sainete.

* * *

A todo isto, as xestións de Don Inda non parecen dar resultado, polo menos visible.

A pesares de ter de ladeiro ao ilustre penalista, Don Luis, non se vishuma por ningunha parte a máis pequena raiola de éisito, nin nas cancelleiras nin nas fías republicanas.

Teremos que pedir como o público das prazas: "¡outro touro!", porque estos van saíndo mansos.

* * *

ANUNCIASE a reunión das Cortes republicanas en París para dentro de pouco. ¿Para qué?

As malas linguas din que para celebrar os funerais da República.

Resistímonos a creer que tal sexa o propósito de naide que teña un pouco de vergonza. Por moi cínicos que sexan os entreguistas, coidamos que non chegarán a tales extremos.

¡Cousas veredes!...

* * *

UN dos homes máis nefastos que tivo a República do 31 foi sen dúbida o Sr. Prieto. El fixo e desfixo como un verdadeiro cacique da monarquía. Elevou a Don Niceto para amolar a Lerroux; guiñou con Don Niceto, logo; levou a Azaña á Presidencia da República para anulalo; fixo nomear ministro ao seu amigo Negrín, herrou con Negrín...

Pro ¿qué verme lle pica a este home, que nas vintecatro horas do día da máis piruetas que unha bailarina? Parece que aínda estivera na primeira infancia. Pois xa podía ter un pouco máis de sosego, que lle faría máis proveito.

* * *

NAS eleccións do Centro Galego trunfou o candidato de "Galicia", Sr. Villamarín. Os vencidos din que foron derrotados os republicáns.

¿De qué republicáns se trata? ¿Dos que puxeron a bandeira "mata nenos" e retiraron a da nosa Terra? ¿Dos que recibiron con todol-os honores aos xefes e oficiais do cruceiro feixista que arribou a estas praias non fai moito? ¿Dos que andaban facéndolle a rosca ao embaixador do caudillo e que, gracias á vixilancia republicana, non se atreveron a levar a cabo o intento de apropiación?

Vaites, vaites cos republicáns de Lalín. Os socios do Centro Galego non son parvos, e si votaron polo Sr. Villamarín non foi pol-as súas debilidades falanxistas, senon para mostrarlles o seu desagrado aos que querían estar a ben con Deus e co demo.

* * *

AGORA ben; que non se engría o Sr. Villamarín polo seu trunfo. Que non vaia a creer que o éisito llo debe á súa ideoloxía.

Si outra cousa pensara, e fixera o que non debe, non tardaría tamén en levar o seu merecido.

Que se adique a administrar ben o Centro e a mellorar as condicións do personal e dos socios, e fará un presidente gabado. Pero si vai polo-os vieiros tortos, de seguro que vai por mal camiño. Do nemigo o consello.

* * *

¿QUE foi do Sr. Albornoz?

Todos se preguntan onde se meteu o presidente do goberno republicán no éisilio, porque fai xa unha chea de tempo que non se escoitan as súas verbas.

¿Será que se perdeu nas corredeiras da ONU? ¿Estará escondido nalgún curruncha, esperando o intre para saír de repente

GALEUZCA

Imos abordar un tema, que anda en boca de moitos galegos, pero que aínda non roda en letras de molde. Sabemos o perigo en que podemos entrar ao decidir o que pensamos; pero a verdade sempre dá bós froitos.

Os galegos autonomistas afinamos a nosa organización exterior no lealdade e confianza que nos ofrecen as sociedades de emigrados en América, especialmente as do Plata. Estas numerosas e potentes entidades galegas compoñen a maioría da colonia hespañola e caracterízanse por un natural patriotismo e unha innata liberalidade, sen que endexamais se deixaran carcomer pol-a paixón partidista, que, de modo tan torpe, ven disgregando no éisilio a forza do republicanismo hespañol. As verbas que conmoven o corazón dos emigrados galegos, son dúas: GALIZA e REPUBLICA, é dicir, autonomía do noso país e democratización republicana do Estado a que pertencemos. Estes sentimentos veñen de moi longa data, e sobor d-eles se fundou o Consello de Galiza, entrando axiña en entendimento coas organizacións vascas e catalanas. Buscábase a solidariedade dos tres povos e dos seus órganos representativos para entrarmos, xuntos e concertados, n-unha dirección única do republicanismo hispano. A unión de galegos, vascos e cataláns fíxose ostensible e pública, reinando no trato íntimo unha sincera amizade, que aínda hoxe perdura; pero na hora dos acontecementos que podían ser decisivos, produxose sempre o "sálvese quen poida".

Si a nosa organización se basease nos partidos, en vez de afincala nas sociedades de emigrados; e si por este camiño chegáramos a unha unidade galega plasmada n-un Goberno propio, é posible que fixéramos o mesmo que fan os vascos e cataláns, desentendéndose da solidariedade política que con eles nos obriga por razóns de parentesco ideolóxico. Cicáis puxéramos a unidade galega por riba do intrínseco galeuzcano, se para elo tropezáramos coa oposición irredutible d-algún sector importante de Galiza. Entón Galeuzca sería tal vez un papel mollado ao ser comparada coa unión de todol-os partidos aituantes en Galiza e representados n-un Goberno propio. Esta é a pura verdade, e non os dá mágoa confesala; pero con esto cometeríamos un grave erro ao caer na política de re-

molque, trocando os ideais da grandeza que perseguimos pol-a precaria e aparente ventaxa d-unha unidade insostenible en tempos normales. Venderíamos o mañán venturoso polos dous cartos que val a hora presente. Trocáramos unha causa chea de posibilidades por un éisito momentáneo. Desvalorizaríamos a enerxía sustancial de galeguidade en favor de calisquera grupo que, ao mellor, soio trai ao mercado galego a forza que ten fora. E se, por manter unha unidade efímera, houbéramos naufragado na compañía dos insensatos, daríamos un pésimo exemplo aos nosos descendentes políticos.

Afortunadamente, a organización autonomista galega ten características propias, moi distintas das que en España corren como válidas. A nosa política é clara como a luz do día, pois redúcese a proseguir, en liña recta, os mesmos ideais autonomistas e republicáns que profesamos ao nacer, sen comprometerlos endexamais en negocios dviduosos. Certo é que a forza galega do exterior aínda non conseguiu o recoñecemento debido a causa da súa diferenciación, pero é incomparablemente superior á dos demais grupos hispanos, e non tardará en facerse valer e respetar. Nós soio enxovamos os antecedentes e circunstancias favorables con que viñeron os cataláns e vascos ao desterro; pero sentímonos satisfeitos do noso constante progreso e non temos por qué enxovar a situación atual de ninguén. Tampouco trocaríamos o futuro de Galiza polo futuro de ningún outro povo da Península. Sexa isto dito en plena saúde da nosa conciencia e sopeando as palabras antes de escribilas.

Non queremos lembrar as vicisitudes por que atravesou a idea galeuzcana, todas elas recaendo sobor da parte galega, que era a máis entusiasta e cicáis non a máis necesitada, anque outra cousa se crea, pois é a clave esencial da futura seguridade de Cataluña i Euzcadi. Tampouco queremos discurrir sobor do rol que desempeñarían os tres povos unidos dentro d-unha España redimida do vello centralismo, tan caro aos povos de fala castelán, nin da misión que unha Galiza autónoma desempeñaría no propósito de axuntar os dous Estados peninsulares. Referirémonos somentes ao porvir inmediato que tería Galeuzca, si, como é doado creer,

se afunden ou arruinan as institucións da República, creadas no éisilio, pois xa están declaradas como un estorbo... Supoñamos que o contubernio monárquico-republicán fose capaz de derrubar a Franco e substituílo no Poder (cousa que non deixaríamos de aplaudir, porque non hai nada no mundo peor que o réxime franquista); pero isto non presupón que os nosos anceios políticos aecadaran con eso unha completa satisfacción. Isto daríanos —eso si— un mínimo de liberdade para proseguir a campaña reivindicadora dos nosos dereitos, porque o centralismo retornaría co plan de Prieto á puxanza dos seus mellores tempos. Por eso entendemos que non é o mesmo defender a República liberal e democrática do 1931 que asistir agora co noso alento a quenes soio pretenden continuar a hestoria de España, por moito que desexemos e necesitemos a caída de Franco; e se Galeuzca era comenente para defendernos do unitarismo republicán, fariase indispensable para opoñela ao centralismo cerril dos monárquicos. Velahí por qué nestes intres de zozobra moral e política desexaríamos que os vascos e cataláns non se mantiveran herméticamente cerrados en si mesmos, nin entregados a xogos alieos e rutinarios.

Maxinemos que Galeuzca fose hoxe algo máis que unha coincidencia sentimental e que a solidariedade de cataláns, vascos e galegos chegase a ser nesta hora un feito tanxible, nobremamente manifestado en México e rexamente sostido en París; c-un programa de acción común, proclamado sen sordina; c-un ideal peninsular difundido nos meios internacionais; c-un plan de solución xusta e sensata do problema hispano; c-un martilleo constante sobor da conciencia dos demais hespañes. Maxinemos, en fin, que Galeuzca fose o que propunaban a decotío os galegos, vascos e cataláns do Plata. Pois ben; arestora Galeuzca estaría en condicións de recoller a bandeira republicana que os demais abandonan ou sosteñen por puro compromiso, e Galeuzca sería hoxe capaz de erguer de novo a CAUSA de TODOS, polo prestixio da súa propia causa e a orixinalidade do seu movemento.

Quén considere a Galeuzca como un ideal sen futuro inmediato, algo así como a hispanidade cantada en verso, está trabucado. Galeuzca foi e sigue sendo a idea máis grande que xurde en España dende fai máis d-un século, e unha das máis doadas de levar a cabo. E os galegos coídamos que este sería o intre de abrazala con entusiasmo, aparecendo no mundo como portadores e donos da única e posible solución do problema hispano; e cicáis tivéramos máis fortuna que os exgobernantes republicáns, disgregados por peitos minúsculos, que nin tansiquera son propios. E se Galeuzca non trunfase, porque tivera tan poucas probabilidades de éisito como tiveron os legalistas e os entreguistas, sempre quedaría en pé a razón, estendida no ámbito universal, d-unha nova España, encarrilada cara os tempos que fatalmente chegarán.

Velahí o que queríamos desir en letras de molde.

e dar unha sorpresa ao mundo?

Verdadeiramente, é un misteiro o que pasa con este goberno. Están a punto de terminárense as sesións das Nacións Unidas, e aínda non sabemos o que pensan Don Alvaro e demais compañeiros... mártires.

¿Haberá que dar parte á policía da súa desaparición? Tememos que haxa sido vítima dalgún accidente.

* * *

TAMPOUCO se fala nada do que pensa facer a ONU con respecto á España franquista.

¿Haberánlle botado terra ao asunto? Moito barullo o ano pasado coa declaración de repudio ao réxime feixista da Península; pro nada práctico se realizou aínda.

O ditador sigue ronflando coma si nada fora e non amosstra o máis mínimo temor pol-as ameazas que continúa a famosa declaración.

En España siguen encadeando e fusilando coa máis alegre despreocupación. Ninguén se sente afeitado por tales "rifeñadas". Posibelmente, si se tratara de bastas, non había de faltar en Inglaterra ou Norteamérica algunha sociedade cristiana que protestara do maltrato aos primas... Pero, trátase de persoas... i eso non ten importancia.

A Nosa Posición

Estamos onde estábamos. República e Autonomía. Nada máis nin nada menos. Apoiámos a máisima concentración de forzas antifalaxistas, dende a extrema dereita até a extrema esquerda; pero opoñémonos aos contubernios con xentes que teñen as mans luxadas coa sangue dos nosos mártires. Consideramos que o simple feito de aceptar un plebiscito, aínda que tivéramos a seguridade do triunfo, sería unha claudicación, sería poñer en dúbida a legalidade da República do 31 e sería un agravio aos que morreron por defendela. Non podemos cometer tamaña iniquidade. Eso deixámolo para os que dicen chamarse realistas, verba que encubre o egoísmo e a traición.

Fomos sempre defensores do Goberno de Xiral, aínda cando non tiña ministro galego, porque considerábase necesario un instrumento legal, que representara ao réxime republicán, tanto no exterior como no interior. E mal podíamos eisixir respecto para él, si nós comenzábase por desconocelo. A mesma teoría aplicábase ao Consello de Galiza. Había que acatalo, porque, prescindindo da personalidade indiscutible que o presidía, era o único organismo responsable que podía actuar no nome de Galiza.

Cando se produxo a crisis que ocasionou a formación do Goberno de Llopi, e o noso representante quedou fora, nós seguimos apoiando o ministerio, aínda que protestáramos por haber sido excluído del o delegado galego.

Agora orixinase a crisis que truxo o gabinete de Alborno, e nós continuamos reconecendo tal goberno, anque protestamos enérgicamente, non só por habérselle inferido a Galiza a ofensa de nin tan siquiera ofrecérle un posto, senon pol-as verbas do presidente do Ministerio que tivo a lixeireza —por non calificala doutro xeito— de dicir que “elementos substanciales de Izquierda Republicana” opoñíanse a que tivéramos un representante no Goberno. Probablemente non hubéramos aceptado formar parte del; pero eso non privava para que o Sr. Alborno deixara de cumprir coas máis elementaes leis de política e de cabaleriosidade.

Os galeguistas, acostumados a loitar nobremente e cun outro ideal por bandeira, cicáis pecamos un pouco de inxénuos cando nos metemos pol-os vieiros da política. Algúns desenganos temos levado e algunhas amarguras quedan na nosa alma; pero non os importan os triunfos a costa de sagrefizos de principios. Preferimos desprezar as ventaxas persoais que nos poidan traer condutas elásticas i encorvamentos vertebraes, antes que ceder un ápice da nosa liña recta, que é o máis preciado galardón que podemos ofrecer á nosa conciencia.

Non-os importa quedar agora no chan. Temos a suficiente serenidade para soportar todas as situacións. Sabemos que ao final, nós seremos os triunfadores. Temos o apoio do noso povo, entusiasta e decidido, i él será o que na hora decisiva imponha a súa vontade.

O que non queremos e prestarnos a xogos sucios que poñan en perigo a reconquista da República. Hai moitos impacientes, cansados xa de andar pol-o mundo, añorando quizáis a eistencia ditosa que levaron noutros tempos, que desexan voltar a Hespaña, sexa como sexa, anque fora con indinidade. Nós preferimos ser eisilados perpetuos, morrer lonxe do noso país, que tanto queremos, antes que ser traidores á nosa causa e prestarnos a servir de escabel aos que foron peores que os mesmos criminaes, a que nos axudaron como cómplices cobardes.

Conste, pois, que nós seguimos no posto de vangarda onde sempre estivemos. Defensores a ultranza da República e da Autonomía. Non daremos un paso atrás, por pequeno que sexa; pero si é necesario, si algún día se nos acusa e se nos descoñecen os nosos dereitos; entón, entón si que daremos un paso, máis non será para atrás, será cara adiante.

TRADUCCION

Estamos donde estábamos. República y Autonomía. Nada más ni nada menos. Apoyamos la máxima concentración de fuerzas antifalangistas, desde la extrema derecha hasta la extrema izquierda; pero nos oponemos a los contubernios con gentes que tienen las manos manchadas con la sangre de nuestros mártires. Consideramos que el simple hecho de aceptar un plebiscito, aunque tuviéramos la seguridad del triunfo, sería una claudicación, sería poner en duda la legalidad de la República del 31 y sería un agravio a los que murieron por defenderla. No podemos cometer tamaña iniquidad. Eso lo dejamos para los que dicen llamarse realistas, palabra que encubre el egoísmo y la traición.

Fuimos siempre defensores del Gobierno de Giral, aun cuando no tenía ministro gallego, porque considerábase necesario un instrumento legal, que representara al régimen republicano, tanto en el exterior como en el interior. Y mal podíamos exigir respecto para él, si nosotros comenzábase por desconocerlo. La misma teoría aplicábase al Consejo de Galicia. Había que acatarlo, porque, prescindiendo de la personalidad indiscutible que lo presidía, era el único organismo responsable que podía actuar en nombre de Galicia.

Cuando se produjo la crisis que ocasionó la formación del Gobierno de Llopi, y nuestro representante quedó fuera, nosotros seguimos apoyando el Ministerio, aunque protestáramos por haber sido excluído de él el delegado gallego.

Ahora se origina la crisis que trajo el gabinete de Alborno, y nosotros continuamos reconociendo tal gobierno, aunque protestamos enérgicamente, no tan sólo por habérselle inferido a Galicia la ofensa de ni siquiera ofrecérle un puesto en el gobierno, sino por las palabras del presidente del Ministerio, que tuvo la ligereza —por no calificarla de otro modo— de decir que “elementos substanciales de Izquierda Republicana” se oponían a que tuviéramos

As Cortes da República

Sabemos que os Diputados a Cortes acaban de ser convocados a unha reunión extraordinaria, que se celebrará na Franza o día 25 do mes que ven, sen que ares-tora se lles teña dito para qué son convocados. Isto incítanos a discorrir sobor do caso, pois non sería ben que se utilizaran as Cortes como tapadeira de inconfesables propósitos, nin que os Diputados esqueceran que hoxe a súa única misión é a de gardar, manter e defender a legalidade republicana.

A composición das Cortes desterradas non conserva aquel equilibrio de forzas extremas con que se caracterizou ao nacer, porque soio viven en desterro os elementos representativos da esquerda e parte do centro, pero non da dereita. E, polo tanto, a representación das Cortes desterradas resulta incompleta e unilateral. Conta, eso si, cos grupos maioritarios e decisivos, en número capaz de sobrepasar o quorum reglamentario, com se comprobou na xuntanza de México; e de todos xeitos a desintegración do Parlamento elixido en 1936, por ausencia das dereitas, non é defeito imputable ás esquerdas que sofren desterro. As Cortes perderon os elementos que compoñían a oposición de denantes —cousa moi de lamentar—; pero, por desgracia, non deixou de formarse no eisilio unha nova oposición, capaz de vender a República en calquera mercado; de modo que o equilibrio inicial das Cortes xa está en certo modo restabelecido.

Hoxe o republicanismo hespañol ten unha esquerda, un centro e unha dereita nas Cortes que o representan. Agora ben; ¿responde a composición parlamentaria do eisilio á opinión maioritaria actual de Hespaña? E, supoñendo que o povo hespañol consérvese o mesmo republicanismo reflexado nas eleccións do 1936; ¿hai algunha seguridade de restaurar todos os partidos da esquerda e do centro na mesma proporción en que están representados no eisilio? Porque non é improbable que algúns elementos que hoxe vociferan en

nome do que representaron en 1936, xa non representen nada. Supoñamos que o siño esquadista das Cortes de 1936 volvera a reproducirse nas primeiras Cortes futuras; pero ese feito non se debería aos homes de partido, senon á masa de eleitores independentes, que sempre é a que decide o triunfo a favor de quen mellor sepa ganarlles a vontade. E aínda que os partidos da esquerda —hoxe divididos no eisilio e no interior— rexurdiran coa mesma potencia que tiñan en 1936, non é seguro que a opinión popular renovase o creto que lles concedeu nas pasadas eleccións.

A estas dúbidas podemos engadir algunhas afirmacións incontrovertibles. Os povos soio son soberanos no día das eleccións, e o povo hispano, ao elixir os seus Diputados en 1936, non tivo a intención de outorgarlles un título vitalicio. Por outra banda, os mandados do povo en Hespaña foron sempre tan precarios que abonda lembrar cómo en cinco anos de vida legal republicana houbo tres eleccións de Diputados a Cortes que deron por resultado outras tantas lexislaturas de siño político enteiraamente diferente. E, polo tanto, sería parvo creer que, ao cabo de once anos de silencio democrático e de violentos trastornos gubernativos, a opinión hespañola se mantenga estacionada. Pero se a pantasia dos Diputados desterrados chegase ao extremo de verse reeleixidos pol-os mesmos eleitores de 1936, sempre deberían dudar da opinión dos novos cidadáns, que non tiñan voto cando estalou a guerra civil e que hoxe, coas súas once promocións, compoñen a xuventude total de Hespaña, cúa xuventude cicáis non recorde os nomes dos políticos que sofren desterro, porque o silencio obrigounos a esquecer. Non hai motivo, pois, para que os Diputados desterrados entren alegremente no xogo egoísta dos partidos a que pertencen, esquecéndose de que no eisilio soio teñen unha misión útil: a de gardar, manter e defender a lega-

lidade republicana.

Nós coidamos que teñen razón os que din que as Cortes no eisilio soio representan un estado lonxano da opinión democrática de Hespaña; pero tamén creemos que a representan en grado tal, que, de perpetuarse o réxime franquista, no derradeiro Diputado sobrevivente residiría o derradeiro vestixio da soberanía popular hespañola. Mais, para pensar así, é preciso que consideremos aos Diputados tal como foron elixidos pol-o povo, prescindindo do aparello reglamentario, posto que a súa misión actual non é a de legislar. O povo non elixeu a partidos, senon a persoas; e para nada útil sirven agora os grupos e minorías parlamentarias, como non sexa para fomentaren a discordia partidista e facer imposible a misión que as Cortes teñen no desterro. Non esquezamos que o mal entendido liberalismo das esquerdas hespañolas sempre se prestou ao xogo de ficcións infantís, das que soio sacan proveito os comediantes parlamentarios. Estimamos en moito a representación legal que aínda conservan os Diputados; pero esta representación perderíase moralmente si a puxeran ao servizo de certos políticos claudicantes, autorizándoos a negociar coa República en intrín de calquera egoísmo persoal ou de partido. Eso poden facelo eles, baixo a súa exclusiva responsabilidade; pero as Cortes desterradas non teñen dereito a degradarse até o extremo de poñer en entredito a misión republicana que o povo lles impuxo. Dígase o que se queira, as Cortes quedaron reducidas a un conxunto de Diputados ou Persoeiros, que forman un corpo político-moral, cúa única misión consiste en defender a República. Eso é todo; pero, polo visto, eso pode ser o de menos para quen pretendan derrubar as institucións republicanas.

Non sabemos qué obxecto se persigue coa xuntanza das Cortes en Franza, pois si fose para avalar ao Goberno Alborno deberon haberse xuntado igualmente para avalaren ao Goberno Llopi, e non-o fixeron; pero si fose para dar fé de vida solemne ante a Asambrea das Nacións Unidas, máis cordo sería xuntarse antes, ou esperar a facelo dispós, cando se coñeceran os seus acordos respecto ao problema de Hespaña.

Os partidos mantéñense en silencio e ninguén se aventura a pronosticar o resultado das deliberacións que nas Cortes poidan producirse; pero coñecemos os manexos angloprietistas e moito tememos que a xuntanza das Cortes forme parte de tales manexos. Por eso non sabemos qué aconsellar aos Diputados galegos, temendo que a súa presenza nas Cortes sexa un motivo de arrepentimento. Nós xustificamos que se gastaran moitos miles de dólares para axuntar as Cortes en México, porque aquel esforzo servía para dar autoridade ao Goberno da República, que acababa de nacer; pero alí deberon acabarse as tan costosas xuntanzas de Diputados, mantendo a continuidade do Goberno, suxeito, claro está, ás mudanzas parciais que a súa misión aconsellase. Os homes de

(Pasa á pág. 6a)

Reseña da Labor Galeguista Realizada pol-a Nosa Colectividade

Mañíficos Aitos Realizados

Nos derradeiros meses, veuse realizando na nosa colectividade unha brillante situación galeguista, levada a cabo por diversas entidades que responden a casi todos os sectores da colectividade galega. En todos eles, púxose de manifesto o amor a nosa patria, a preocupación pol-os seus problemas múltiples e a exaltación dos seus valores nacionais. Esta labor, que contou coa adhesión afervorada de concurrencias numerosas, acentuábase ano a ano, e está tomando unha cohesión e unha orientación verdadeiramente nacional. Este ano, foi especialmente fructífera, tanto pol-a cantidade como pol-a calidade dos aitos efectuados, que trascenderon o amplo campo colectivo, para conquistar a atención e o interese de vastos sectores da poboación arxentina. Boa proba é de elo, a atención que lle adicou a prensa en xeral, aos aitos organizados.

Comenzamos esta lixeira reseña pol-a situación da Federación de Sociedades Gallegas, que foi mañífica; este ano, tanto ou máis aínda, que a do ano pasado, que foi espléndida. Esta benemérita entidade inaugurou o seu gran Salón-Teatro o día 27 de xuño con unha festa de amplísimos contornos. Un "lunch", ao que asistiron unhas dúas mil persoas; seguido despois d-un espléndido festival artístico. Estuvéron representadas en este aito todas as entidades democráticas da nosa colectividade, que espontaneamente se adhiriron aos festexos, e moitas personalidades galegas e arxentinas. O Secretario Xeral, Antón Alonso, pronunciou un discurso no que puxo de relevo, a parte dos conceptos inevitables n-esta clase de aitos, a exaltación da nosa patria, e terminou facendo votos por v-ela pronto libre da paulina falaxista que a asovalla. Foi moi aplaudido. Esta institución realizou con motivo do Día de Galicia unha festa teatral, como todos os anos, que tamén outuvo éxito. A lembranza dos nosos mártires, simbolizados na inmemorable figura de Alexandro Bóveda, tamén contou coa preferencia d-un público devotísimo. A Federación, organizou con un severo bon gosto o aito de lembranza, ao que se adheriron as entidades representativas democráticas galegas. Consistiu esta recordación en un funeral cívico, levado a cabo no amplo Salón-Teatro da Federación. O escenario presentaba un aspecto imponente, non embargantes a súa sinxeleza. Presidiron o aito, representantes da Federación, dos catro Centros provinciais e da Irmandade Galega, entidades que se adheriron o aito. Faláron Antón Alonso, que, como sempre, estivo acertado e conceituoso, encol do gallo da lembranza e do seu outo significado. Falou, despois, o noso gran líder Castelao, coa elocuencia que o caracteriza, folgando toda clase de adxetivos. Unha marcha fúnebre e outros números de música clásica, amén do himno de rigor —con que se iniciou o funeral—, e algúns poemas elegíacos, completaron o selecto programa. O público escoitou con verdadeira unión patriótica.

A mesma Federación, celebrou o seu 26 aniversario con un banquete de extraordinarias pro-

porcións, que adicou ao seu órgano oficial, "Galicia". N-este aito faláron Antón Alonso, Secretario Xeral da entidade; Avelino Díaz, director de "Galicia", e cerrou o aito, Castelao, que fixo unha serie de declaracións de carácter político que foron moi celebradas pol-o público. E diño de mención especial o discurso de Alonso, non sementes pol-o tono galeguista, vibrante e patriótico, senón pola valentía dos seus fondos e até orixinales conceptos que a concurrencia aplaudiu afervoradamente.

Este ano, tamén alcanzaron gran importancia a celebración do 11º aniversario do plebiscito do Estatuto Galego. A Irmandade Galega, como en anos anteriores, convocou aos catro Centros provinciais e a Federación de Sociedades Gallegas, que constituíron unha Comisión Intersocietaria que tuvo a seu cargo a realización do aito conmemorativo. Despois d-unha activa propaganda, e coa adhesión de numerosas entidades galegas do país e de fora, efectuouse un gran mitin no gran Salón da Federación ao que asistiu un público que non baixaba de 1.500 persoas. Presidiu a Comisión en pleno, e estiveron presentes representacións dos gobernos vasco e catalán. Faláron, Antón Rodríguez, en nome da Comisión Intersocietaria, e un representante vasco e outro catalán; Manuel Puente, presidente da Irmandade, que leu un discurso de Castelao, feito "exprofeso" para este aito, e contou a serie de discursos o Secretario do Consello de Galicia, Antón Alonso Ríos, con unha vibrante arenga político-patriótica. Foi un aito verdadeiramente mañífico, que superou —a noso entender—, en

canto ao número de asistentes, a todo o que se ten feito, até agora, na nosa colectividade. Proba, evidente, do interese que vai acadando entre os emigrados galegos, o noso problema autonómico, que non se esmorece, nin no tempo nin no espacio.

O Centro Orensano, de tan acusada sensibilidade patriótica e galeguista, preparou este ano dous aitos moi bós: o homaxe a prensa galega da Arxentina e a inauguración do busto do noso gran Curros Enríquez. O homaxe ao periodismo galego, representado por "Galicia", "Opinión Gallega", A NOSA TERRA e "Lugo", consistiu nun banquete concorridísimo, ao que foron especialmente invitados, folga dicilo, o seus directores. Adiríronse a él numerosas persoas i-entidades; e ofreceu o homaxe, en nome do C. Orensano, o seu aitivo Secretario, Valeriano Saco, en acertados conceptos, que mereceron a aprobación do público, que os premiou con cálidos aplausos. Faláron, despois, Avelino Díaz, E. A. González, Álvarez e Antón Alonso Ríos, que lle dou un tono acentuadamente galeguista ao seu discurso que foi aplaudidísimo. Tamén, n-este aito, se entregaron aos aituales directores dos d-itos periódicos sendas medallas recordatorias de este homaxe.

A inauguración do busto de Curros Enríquez, dou gallo a un aito simpático y emotivo. Asistiu un público numeroso e se adheriron a este homaxe, bon número de personalidades galegas e arxentinas, e tamén varias entidades da colectividade, que fixeron aito de presenza personalmente e por representación. Comenzouse entonando o himno galego; breves palabras de E. A.

González; discurso de Avelino Díaz; Prada, leu unhas verbas mañíficas de Otero Pedrayo, que iba a lér persoalmente, pero que a premura do viaxe de regreso a patria, non lle permitiu. Castelao, como de cote, estivo acertado na súa intresante disertación encol das nosas cousas. Todos foron aplaudidos. O aito foi de estilo moi fino. A concurrencia ficou gratamente impresionada por este mañífico e patriótico aito.

O Coro "Terra Nosa", patrocinado pol-o Centro Orensano, realizou no cine "Atlantic" un gran aito artístico, con interpretación da nosa fermosa música folklórica a cargo do dito Coro, baixo a indiscutible pericia do maestro Maeztgui. Esta disciplinada masa coral, está facendo grandes progresos, e encamiñase, se xa non é, a ser o millor Coro d-agoa e d-os derradeiros tempos, na nosa colectividade. De máis estará dicir, que conquistou unha tempestade de aplausos.

Non queremos deixar fora d-esta somera reseña, feita un pouco a destempo, o simpático nome da Audición "Recordando a Galicia", que tanto ven laborando pol-o prestixio da nosa terra. Todos os domingos espalla no eter infinito, algunha cousa nosa: poesías, música, contos de chispeante gracia, noticias, reseñas históricas, biografías de galegos ilustres... Caracterízase o seu variado programa artístico, pol-a súa acusada finura e distinción; pol-a selección con que se procede a súa composición, exenta de esa chabacanería que, desgraciadamente, abonda entre certos "artistas" da nosa colectividade. Maruxa Boga, a súa directora, merece o homaxe


da nosa colectividade, que está en deuda con ela desde xa fai tempo. A fina e intelixente intérprete do noso teatro e da nosa poesía, está realizando unha depurada obra galeguista, sinxeramente admirable, que a nós non-os pasa desapercibida; e queremos consinal-a aquí, para que —a falta de outro— lle sirva de estímulo, na súa galeguista e aquilatada labor semanal.

E con singular ledicia, que presenciámos a nova orientación do Centro Cultural Betanzos. Esta simpática entidade dos brigantinos de Bós Aires, está tomando un cariz auténticamente galeguista; e, o máis promisor, é que ao fronte d-ela, áchanse uns cantos rapaces cheos de entusiasmo, despostos a performar balados de indiferencia e derribar murallas de prexuízos que anemian i-esterilizan a gran laboua cultural e galeguista que debe facer a nosa colectividade.

Xa outuverno o primeiro trunfo, no notable festival artístico realizado no vasto salón da Federación de Sociedades Gallegas, un domingo, a mañán, do mes pasado. Autuou o Coro do dito Centro, "Os Rumorosos", con música popular galega, que interpretou acertadamente. Houbo recitado de poesías e danzas típicamente nosas. Finalmente, falou Castelao encol dos problemas culturais da nosa terra, e o dominio do tema, habitual en él. Foi un aito feito con esmero, e ao que concurreu moita xente, pol-o que poden ficar satisfeitos seus xóvenes organizadores. O que fai falta é que non se esmorezan os entusiasmos xuveniles. ¡Adiante, sempre!

Un acontecemento dino de nota, é a publicación de dous libros de poesía, debidos ao inspirado nimen do noso amigo, Avelino

(Continúa na páxina seguinte)



Vista do numeroso público que asisteo o aito do once aniversario do plebiscito do Estatuto Galego, no Teatro da Federación de Sociedades Gallegas.

DENDE MENDOZA

A Irmandade Galega Celebra con Entusiasmo o Día de Galiza

Este ano o Día de Galiza foi celebrado en Mendoza dun xeito que superou as nosas esperanzas, pois os actos realizados alcanzaron unha difinidade i-unha trascendencia cultural de verdadeira importancia. Asegurámolo, aínda pecando de inmodestos, con patrocénica satisfacción.

Os xornas que tivemos o gusto de remitir a esa Irmandade, días pasados, ocupáronse durante toda a semana de difundir a preparación dos festexos, e nos

broadcastings irradiaron audicións especiais que difundiron dun xeito honroso o nome de Galiza. Debemos destacar especialmente a transmisión extraordinaria de media hora que fixo L. V. 10-Radio de Cuyo o día 25 de Xulio, ás sete e media da tarde (hora privilexiada en radio).

Esta audición foi unha gratísima sorpresa pol-a forma orixinal en que espontaneamente presentáronna os directores daquela emisora, xa que en realidade

teos oito días en que se exhibiu, sorprendido ante unha expresión tal de cultura galega, inesperada neste ambiente. Estamos muy agradecidos a-o establecemento que de tal xeito honrou a Galiza.

RECEPCION A ESCRITORES, PERIODISTAS E RADIOMEN

A concurrencia a este acto, que tivo lugar o día 26 de Xulio ás 13 horas no Gran Hotel San Martín, foi tan numerosa que puxo de relieve a simpatía con que é acolida nos círculos culturais a nosa Irmandade Galega, i-o respecto e interés con que estas xentes, rectoras da opinión pública, venien deica nós pra porse en contacto — cicáis moitos deles por vez primera — co-as inquerdanzas e tradicións de Galiza. Estiveron presentes nutridas representacións de todol-os xornas locais, radioemisoras, artistas e o Círculo de Periodistas. O noso Presidente ofreceu o agasalho con verbas de circunstancias, facendo destacar a gratitude que sinten os Irmandiños pol-a hospitalidade prestada en todo momento a-os tópicos relativos a Galiza nas entidades que representaban os presentes.

CONCERTO PRESENTADO POL-A ASOCIACION ORQUESTAL DE MENDOZA

Este concerto, ofrecido galantemente en adhesión agarimosa a Galiza pol-a Asociación Orquestal de Aficionados de Mendoza —un conxunto sinfónico de grandes méritos formado por médicos, abogados e outros profesionas— foi de unha gran xerarquía artística, que sorprendeu á opinión mendocina. O amplo teatro do Centro Catalá resultou pequeno pra conter a gran cantidade de público que aplaudiu emocionado tan delicada expresión de arte, de un modo especial a música galega que por primeira vez fora interpretada no noso medio por unha orquesta sinfónica de tanta categoría

celebración do Día de Galiza un acto de difusión de cultura artística, e destaca como exemplo á Irmandade Galega que, a xuício do editorialista, debiera ser imitado no sucesivo, en futuras conmemoracións pol-as entidades ou colectividades que as orgaicean.

OFRENDA FLORAL A SAN MARTIN

Sabemos que tamén foi comentado con simpatía a nosa determinación de tributar un home-

teñen por tradición rodear a nosa mesa e que se lembran con muito agarimo do noso fogoso gaieiro. Ante o recordo que fixo d-él o noso Presidente, tributáuselle unha grande ovación.

Logo de pronunciadas algunhas verbas adecuadas pol-a noso Presidente, o irmandiño don Antón Fernández Pérez deu lectura a un magnífico traballo literario, exaltativo dos méritos da nosa raza i-a consustanciación dos seus individuos coa paisanen e



Cabeceira do banquete servido no Gran Hotel San Martín, o día 27 de agosto


días en que estos foron realizados non soio lles dedicaron xenerosos e destacados espazos pra información periodística, senon que os dous máis importantes —“Los Andes” y “La Libertad”— de ampla circulación en Cuyo, e mui leídos tamén no resto do país, e aínda en Chile, comentaron o día da nosa pátreas nos seus editoriais, distinción suprema que o periodismo concede mui raras veces, e sempre a acontecementos dun máximo interés público, i-en este aspecto únicamente pra rendir homenaxe as primeiras nacións do mundo civilizado. Hespaña, até agora, non ten recibido dos xornas de Mendoza esta outa distinción, reservada pra nosa querida Galiza.

Ademais dos periódicos, as radiodifusoras locais asociáronse tamén a propalazón dos festexos conmemorativos, e si os xornas comentaron editorialmente o significado da festa galega, as

non se tratou dun acto organizado por nós, senon que foi planeado con verdadeiro interés pol-a propia emisora, que logrou darlle unha emocionante solemnidade. Irradiouse en primeiro término o Ino Galego; interpretáronse enseguida varias cancións da nosa terra, e despois “pra que galegos e arxentinos estreitaran as súas mans naquel emocionante acto”, como dixera con sentidas verbas o director da Radio de Cuyo, Ing. Stagni, un conxunto rexional cuxo entonou as súas millores melodías campestres mendocinas “en honor a Galiza”, como reiteradamente expúxose no curso d-audición. O noso presidente dixo tamén algunhas verbas de salutación aos galegos da rexión cuxana. Podemos afirmar que se tratou dunha expresión de fraternidade galego-arxentina que impresionou mui ben.

ATENCIÓN DA CASA PEUSER

A casa Peuser, cuxa importancia como establecemento de librería, vostedes coñecen, tributou tamén un homenaxe a Galiza, que merece ser ponderado con verbas de sincero entusiasmo, pois constituía un impresionante alarde da cultura galega. Tratouse da exhibición dun escaparate mui atractivo adicado exclusivamente a mostrar a produción literaria e científica dos intelectuales galegos —na medida que nos foi posible logralo— con expresión de que con esa exposición de libros rendíase un homenaxe á nosa terra. O retrato de Castelao ocupaba un lugar destacado, i-en outro sitio predominante un cartel artísticamente dibuxado a modo de antergo pergamino recordaba a celebración do Día de Galiza e citaba as coñecidas expresións do Marqués de Santillana encol do emprego da lingua galega nas obras dos “Decidores” e “Trovaadores” do seu tempo. Un público constantemente renovado parouse diante desta exposición duran-



Vista da disposición do libro galego na casa Peuser, de Mendoza

como esta que preside o Dr. Remo Cassetti e que dirixe o mestre Ixinió Otero, un fillo de galegos que sente o orgullo da nosa raza e que fai honor a ela.

A nosa iniciativa de organizar este concerto en celebración da nosa festa nacional, tamén moi aplaudida, e o diario “Los Andes”, recollendo a grata impresión deixada nos concurrentes, publicou dous días despois de terminadas as festas un novo editorial no que eloxia o noso acordo de incluír nos números de

naxe á Nación Arxentina, o que consistiu na colocación dunha palma de froles no monumento a San Martín. Foi unha cousa sinxela, que comunicou emoción a os que asistiron a tan simpático acto.

BANQUETE NO HOTEL “SAN MARTIN”

Esta tradicional reunión viuse prestixada coa presenza de distinguidos amigos de Galiza e de distinguidas damas vinculadas familiar ou socialmente cos nosos Irmandiños. Dando a nota do crecemento da Irmandade, estaban presentes numerosas persoas que, ademais por vez primeira ao noso manter, entre as que se des-

naturaleza galegos, i-esta peza oratoria emocionou de tal xeito a-os circunstantes que non tiveron azos de interrumpilo cos seus aplausos deica o final do seu discurso, pra escoltal-o coa atención i-admiración que merecía, sendo aclamado afervoadamente a-o final do seu brillantísimo discurso. Sinxelamente emocionado pol-as verbas ouvidas, o ilustrado Xefe de Redacción do diario “Los Andes”, Dr. Patricio Vacas, ergueuse espontaneamente e con admirable elegancia improvisou unha declaración de respecto e admiración por Galiza, e referiuse con para erudición a feitos históricos de nosa terra dos que saeu conclusos sorprendentemente axetivados ao ideal galeguista. O noso vello e invariable amigo don Xoán García Eljo, distinguido cabaleiro uruguayo, tivo tamén unha felicísima intervención en tan grata sobremesa, deleitando aos comensales con verbas cheas de galeguismo pra recordar c-o agarimo con que sempre o fai aos portas da galeguidade.

Como de costume, estiveron tamén presentes os membros representativos da colectividade catalana que este ano, facendonos obxecto de privilexiada excepción, concurriron en nutrida delegación acompañados das súas donas e fillas. A-o seren saudados con respetuosas verbas polo noso Presidente, recibiron dos circunstantes unha clamorosa ovación.

Tales foron os actos da celebración do Día de Galiza en Mendoza. Non embargantes a súa sencillez, estamos seguros de que constituiron un ponderable aporte pra difusión do patriótico ideal dos Irmandiños e que o tono de difinidade que os presidiu servirá para que o nome de Galiza continde sendo pronunciado con agarimo e con respecto.

(Ven da páxina anterior)
Díaz.

Dous libros notables, por todo coñecito, sobre todo, o escrito en galego, que ven a arrequentar a literatura dos emigrantes galegos, que, como é notorio, han aportado ao acervo cultural da nosa terra, valiosas obras. Xuício aparte merece esta labor; soio o queremos consiñar como un aito cultural apreciabilísimo, e nada frecuente, por certo. Con este gallo, a Irmandade Galega prepáralle un homaxe a Díaz, consistente n-un banquete, que terá lugar próximamente. Foi este ano, ano de boa anada, na nosa colectividade. E non consiñamos aquí a visita do noso ilustrado conterráneo, Otero Pedrayo, que irradiou entre propios e alleos os fulgorosos destellos da nosa orixinal cultura, porque esto é un feito tan importante que merece capitulo aparte. ¡Qué o ano que ven sexa tan bon como este!

R. C.

Non Mintan, Señores!

N-un dos derradeiros números de "España Republicana", publicase, c-o título de "Curros Enríquez", en recadro e negrita, un solto con máis veneno que o d-unha yarará, coa intención evidente de ser injectado na persoa do noso ben querido e admirado amigo, Ramón Otero Pedrayo; e, por contaxio a nós.

Despóis d-unhas zalemas dirixidas a nosa terra, donde se lle chama "dulce y dorada" (agora xa non é verde? Por favor, non os maquillen a nosa patria; o día menos pensado pintana de tornasol), "mártir y esclavizada", "maga y artista", "encantadora y atrayente", "artística e intelectual", con un tufo a hipocresía que da noxo; pois, máis que tan mentido agarimo, millor sería que non se opuxeran as súas ansias de liberdade, se afirma que un: "gran escritor galego, pasé por las tribunas de Buenos Aires, de julio a setiembre, donde Galicia fué traída ante los ojos y las inteligencias, etcétera", para terminar dicindo que este escritor non se había lembrado para nada do gran Curros. E, aquí, un rimeiro de loubanzas pro-noso poeta civil, ditas no mesmo senso que o venen dicindo, fai cincuenta anos, cantos Nakens de cartón pululan por ahí.

Si os señores de "España Republicana", se enteraran, anque non fora máis que para informar aos seus lectores do Centro Republicano, que, como xa se sabe, a maioría son galegos, non afirmarían tal cousa; a menos que sexan uns minteiros; pois, os que concurrirnos a escoitar as doctas conferencias de Otero Pedrayo, podemos afirmar que en varias d-elas se refireu ao ilustre autor de "A Virxen de Cristal"; e, concretamente, na que deu no Centro Gallego de Avellaneda. Ademais, en Mendoza, falou sobre Curros e outros poetas modernos; aínda máis, estando por inaugurarse un busto de Curros Enríquez, no Centro Drensano desta Capital, Otero Pedrayo iba a ser o orador oficial da cerimonia; pero, como o busto tardaba en ser entregado pol-o escultor, e urxíalle o viaxe de regreso, por razóns de índole sentimental: o esperaba a súa anciana nai de 80 anos, enfer-

ma; Otero Pedrayo, deixou escrito o seu discurso para ser lido o día da inauguración do dito busto de Curros, que o dixo Rodolfo Prada. Fican, agora, enterrados, os inqueados e avizores "compañeros en la prensa" de "España Republicana"? Quéda-lles algunha dúbida? Facemos estas aclaracións, que cuasi non serían necesarias, conociendo como conocemos, a Otero Pedrayo, para desvirtuar a malévola intención do devandito solto, do órgao oficial do Centro Republicano, a fin de que os galegos, socios do mesmo, non se chamen a engano.

E, como d-un tiro se poden matar dous páxaros, tamén lles decimos aos de "Pueblo Español", que non podendo "con su sangre torera", se "mandaron su parte", que non macanén. Otero, non veu ao servizo de nadie, nada máis que o da cultura galega, anque lles pese; e, para o futuro, a fin de que non metan a pezuña, convendríalles que se informaran millor...

O que se trata, con tudo esto, e procurar descretar e menos cabar unha das máis esclarecidas figuras da Galicia intelectual, e galeguista de insobornable lealtade a súa terra.

O que, sen dúbida, pretendían estes simpáticos amigos, era que Otero viñera a botar discursos cantra Franco, a Iglesia, Falanxe, etc., para que, de volta, lle deran garrote vil na plaza de Orense. E moi doado, a dúas mil leguas de distancia, ouvear contra Franco; sobre todo, cando se goza d-un plácido e comfortable exilio e se teñen pingües representacións!

LETRAS E ARTE GALEGOS EXPOSICIONS

Folgámonos de rexistrar os acontecementos artísticos galegos que se deron nas terras do Plata nas derradeiras semanas.

Lois Seoane. — Presentou, no mes pasado, unha ampla e rica mostra de óleos no Salón da Sociedade Hebraica que acadou moito éxito de público e de crítica. E agora espón na Galería Müller magnífica colección de bellas acoarelas que veñen sendo moi loubadas.

Manoel Colmeiro. — O máis enxebre dos nosos pintores de hoxe, termina de facer unha exposición de óleos en Montevideo que mereceu afervoados eloxios da crítica uruguaya.

Xulio Prieto. — O consagrado augafortista ourensán presentou, baixo o patrocinio da Comisión de Cultura do Municipio de Montevideo, unha boa serie de grabados que outivo gran éxito.

Xosé Frau. — Oleos e acoarelas presentou o público de Bós Aires no Salón Peuser, iste gran pintor vigués, merecendo outas loubanzas da crítica.

Xosé Palmeiro. — Iste pintor galego, que se formou e conquistou soa en Franza, persentou unha serie de óleos na Galería Müller d-ista cibdad, acadando amplos eloxios.

García Patiño e Quintás Goyanes. — Istes dous compatriotas, tamén se persentaron o público bonaerenses con exposicións de óleos na Casa de Galicia.

LIBROS

Tamén damos conta, con verdadeiro pracer, de tres libros de poetas galegos que recentemente

Os Galegos D-Arentina e do Uruguai eo Goberno Republican Hespagnol

PATRIOTICA AITITUDE

Con moita satisfacción patriótica, recolleemos n-istas páxinas os dous documentos cos cales, os galegos emigrados nas dúas bandas do Plata, refirman a súa lealtade á República Hespagnola, os seus afervoados anseios autonomistas e a súa rexa protesta pol-a inxustificada escrusión da Galiza no Goberno Alborno.

Vel-eiquí o escrito da coletividade galega de Bós Aires sinado pol-as suas máis importantes e representativas entidades:

Bs. Aires, 25 de septiembre de 1947
Señor Presidente del Gobierno Republicano Español
Don Alvaro de Albornoz,
Rue Foch 11 — PARIS
De nuestra alta consideración y respeto:

En el momento en que se reúne la UN, y se va a tratar "el caso español", que tiene una trascendencia de vital e histórica importancia para los futuros destinos de España, y de eura resolución favorable a nuestros ideales de democracia liberal, estamos ansiosamente pendientes, nos dirigimos a ese Honorable Gobierno de su presidencia, en nombre de la numerosa colectividad gallega democrática de la Argentina — cuya acción en favor de la República es de vieja data — para manifestarle, una vez más, nuestra inquebrantable adhesión a los ideales republicanos; y, al mismo tiempo, para significarle nuestra protesta más viril y enérgica por la falta de representación de nuestra patria gallega en el Gobierno del que usted es jefe; amén, de otros apreciables elementos políticos, injustamente preteridos.

Debemos manifestarle, señor presidente, que ignoramos quienes pueden ser ciertos "elementos substanciales de Izquierda Republicana", que se oponen a que Galicia — al igual que Cataluña y Euzcadi — tenga representación en los gobiernos republicanos, como la tuviera en el gabinete Giral; pero, de cualquier manera, debemos manifestarle que, sean quienes sean esos "elementos", no se debe ignorar u olvidar que existe un pacto con Izquierda Republicana — que todavía no se derogó — signado, nada menos que por el ilustre Azaña, para concederle la autonomía a Galicia, una vez cumplidos los exigentes requisitos de la constitución de la República; y, creemos, que ellos han sido ampliamente realizados. Entendiéndolo así, es porque los prohombres que integraron el primer Gobierno republicano en el exilio, pidieron y obtuvieron la representación de Galicia en aquel Gobierno.

Los tiempos que corren, señor presidente, no están para sutilezas jurídicas, si las hubiera; sino para aunar fuerzas en torno de la República y de sus gobiernos, y no para desconocerlos. Nosotros, los galegos democráticos, emigrados y exilados en América, estamos y estaremos con la República y por la autonomía de Galicia, como lo estuvo el pueblo gallego en el histórico plebiscito del 28 de Junio del año 1936. De aquí, nuestro apoyo, firme y constante, a los gobiernos de la República; y de aquí, también, nuestro desagrado por la preterición de que es objeto nuestra Galicia.

Sin otro motivo, y, haciendo votos fervorosos por el éxito de su Gobierno en la difícil tarea en que está empeñado, saludamos a Ud. con todo nuestro cordial respeto.

Federación de Sociedades Gallegas, Centro Lucense, Centro Orensano, Centro Pontevedrés, Centro Coruñés e Irmandade Galega.

Pol-a sua parte, as entidades galegas de Montevideo, deron un manifesto no que se concreta o seguinte:

1º — Lograr la adhesión de todos los gallegos residentes en el Uruguay a esta declaración de afirmación y principios democráticos, republicanos, autonomistas y de apoyo al Gobierno de la República en el exilio.

2º — Gestionar que el Gobierno legal de la República en el exilio esté integrado con una representación de Galicia.

3º — Impulsar la unión de todos los gallegos republicanos autonomistas hacia la creación de un organismo permanente de solidaridad con la lucha del pueblo gallego, por la reconquista de la República y la libertad de Galicia.

4º — Esforzarse por impedir toda solución del problema español que no esté de acuerdo con las aspiraciones de nuestro pueblo y que no sea refrendada por éste en actos en donde esté garantizada la más absoluta libertad de expresión.

5º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

6º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

7º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

8º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

9º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

10º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

11º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

12º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

13º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

14º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

15º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

16º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

17º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

18º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

19º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

20º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

21º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

22º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

23º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

24º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

25º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

26º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

27º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

28º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

29º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

30º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

31º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

32º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

33º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

34º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

35º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

36º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

37º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

38º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

39º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

40º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

41º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

42º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

43º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

44º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

45º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

46º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

47º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

48º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

49º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

50º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

51º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

52º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

53º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

54º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

55º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

56º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

57º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

58º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

59º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

60º — Elevar notas a la O.N.U., y al Gobierno de la República Española pidiendo respectivamente la ruptura de relaciones con el Gobierno de Franco y la inclusión de un Ministro gallego en el Gabinet.

Trono Luxado

por VERDUGUILLO

¡Asomo das xentes!
¡Sen asemellanza!
¡Dos tempos que corren,
simbólica estampal!
¡Un quíño sentado
no trono da Hespaña!

A Hlesia, a milicia,
a nobreza, a banca;
en suma, os que teñen
a barriga farta,
homaxe lle rinden
como a imaxen sagra.

Adúlano todos,
todos o regalan
Uns lévante berzas,
outros danlle landras;
quen vai con salvado,
quenes con patacas;
ofrécentlle millo,
fariña, castañas;
todo o máis sabroso
pra a súa pitanza.

O porco antramentras,
raña que te raña,
continos gruñidos
wordamente lanza
E fozando sempre
pol-os salóns vaga,
do pazo-cortello
que lle da mourada,
poñendo as alfombras
como... pra lavalas.

¡Ou somas esgreviás
daqueles monarcas
que foron orgulo
da hispánica raza!
¡O voso compadre
non vos honra nada!
Vendeu aos feixistas,

en primeiro, a patria,
sumíndoa en regueiros
de sangue e de infamia;
logo douse volta
con cínica traza,
e agora, servindo
aos que onte atacara,
convirteuse nunha
inmunda piltraza.
¡Quedaches lucido
salvador de Hespaña!

Pro, ¿qué fai o povo?
O povo non fala
nin fai outra cousa
que morder con rabia
os puños que un día
colérico alzara.
Impotente xace,
perdida a esperanza
de atopar xustiza
para a súa causa,
vendo como os homes
a traición ensálzan
chamándolle xenio
a calquera trápala.

O povo, a pesares
de perfidia tanta,
inda a fe conserva
no fondo da alma,
a fe que alumea,
cal votiva lámpara,
eternos anseios:
¡Libertade sagra!
Por eso, calado,
coa cabeza baixa,
mais ardendo en ira
—¡ira sacrosanta!—,
afia o coitelo,
que á hora chegada,
comprirá a tarefa
a él encomendada.

LEA E DIFUNDA

A NOSA TERRA

PERIODICO AUTENTICO

GALEGO. QUE DEFENDE

A AUTONOMIA DE GA-

LIZA

Camisería de
medura fina

PREZOS BÓS

BRIGO

Sáenz Peña 14 - Bós Aires

UN FIDALGO ORESEANO

por MANUEL CELSO GARRIDO

Cheg-agora a Bós Aires un dos valores máis representativos da cultura galega; un d-os milllores fillos da nosa Terra: Dón Ramón Otero Pedrayo, ilustre catedrático e director do Instituto Nacional de 2ª Ensinanza d'Orense cásique unha xeneración enteira.

Será empeño superior ás miñas forzas intentar faguer eiquí a sembranza, ou a apoloxía, do esgrevio galego, porque, a decir verdá, por mui conciso e-un quixera ser, sempre s-atoparía coa catívez d-unhas cuartelas i-as dimensións reducidas d'un artigo. Contentarémolos entón con 'trazar unha desvaída silueta d-el, anque non queden mui ben marcados os contornos, que o modelo ten persoalidade dabondo pra salvar, ante a torpida do pintor, a mediocridá do retrato. Inda que neste caso, pra axuda, hei de botar mau máis d-unha vez de paleta allea...

S'intentásemos trazar a fisonomía espiritual de Galicia, teríamos que pornos d-acordo pra lle asinar á Coruña o título da elegancia, a Santiago de Compostela o da Hestoria, a Pontevedra o da quietud e da beleza a Orense o da intelixencia, i-a Lugo o da tradición. Todas as cidades galegas teñen, non embargantes, un carácter peculiar i-on denominador espiritual común, cuia explicación haberá que buscar-a nos estratos máis profundos da nosa cultura, na uniformidade soñadora da nosa alma e na anterga pineirada da raza a través d-os tempos. Pro, profundizando no análise, teríamos que chegar, indudablemente, a conclusión de que Orense é, por antonomasia, a provincia onde esa modalidade intelectual que se chama humorismo e que tan consustancializada está co carácter espiritual de Galicia, reviste as formas máis xenuinas i-aténticas. Non é insensato, a afirmación de que o humorismo é un produto dos climas norteyos, nin é feita sin tino a seguraza que fan os que emplanzan en Galicia, a millor calidá humorística da literatura hespañola. Coesta afirmación tampouco se desdobre o Pacífico, abofé...

De toda Galicia, a comarca onde s-encontra máis fina e máis sutil esta faceta do noso carácter, esmaltada por unha intelixencia aguda e perspicaz, é a d'Orense. Orense — di Blanco Torres — ten n'iste senso, así no literato coma no anecdótico, unha tradición na que se alían a vivacida intelectual, confirmada en moitas empresas de cultura, i-o seu alacre inxenio humorístico. Pra qué falar de V. Lamas Carvajal e de Benito Losada, que coa súa expresión rezoza, satírica e picarescamente epigramática dábanlle saída, a través da lingua vernácula, á dor do agro galego, ond-a escravitud do home i-a escravitud da terra adquire a rexistra os matices máis implacables de seveia?

A expresión intelectual mais viva e intensa de Galicia — sigue decindo o autor citado — partiu sempre d'Orense; a inquietud espiritual tivo sempre

el os xormelos máis briosos i-espléndidos. Pra qué nomear "A Centuria", revista teosófica do século pasado, que atestigua a aclimatación de Galicia ás correntes universais da cultura, e "Nos", qu-incorpora esas correntes ó pensamento autóctono?

E pra qué falar, engadímolle, do P. Feixó, o millor e máis profundo enciclopedista da súa época, de Curos Enriquez, o poeta civil máis rotundo do noso século en toda Hespaña?

S-este é o valer intelectual d'Orense d-onde, o d-hoxe non lle vaio detrás. El están M. Martínez Risco, calumaba ciencia denda a Universidad Central hasta que o franquismo s-apoderou d-Hespaña, Marcelo Macías, o grande polígrafo, e Otero Pedrayo, o admirable educador, literato e conferencista, a par que hestoriador e xeógrafo, pra nomear solo os máis outos. Dos dous primeiros, un háxase en París exilado, i-outro morreu-hai poucos anos. O último, Don Ramón Otero Pedrayo, destituído do seu cárrago pol-o feixismo e perseguido pol-os seus ideais democráticos, que aspiraba con íntima devoción e severa disciplina a reverter na conciencia galega, cheg-agora a Bós Aires, con gran contentamento de todos os galegos, a espaldas as reservas maníficas da súa gran sabencia n-un ciclo de conferencias. I-afé que a Argentina pódese por de gala pra recibilo. Por moitas razóns.

Por catro principalmente: Porque vai ter no seu seo, por un tempo, a un ilustre educador, a un escritor insigne, a un gran xeógrafo i-hestoriador e, por enriba de todo, a un valor ético e moral de moitos kilates — "a todo un hombre", que diría Unamuno —, quen, ó ofrecerlle os oficiosos persoeiros do xeral Franco, ós dous anos de habérenno destituído, a cátedra de Xeografía ou a d-Hestoria da Universidad Central, de Madrid, pra lavar a ofensa c-antes lle fixeran, contestoulle con laconismo e dinidá: —Agradezo o ofrecemento, pero eu non voltarei a dar crases hasta que me repaña quen debe. Moitas grazas.

A bós entendedores, poucas razóns bastan. E quen ha de repañar a Don Ramón Otero Pedrayo han de ser as autoridades lexítimas da nosa República restaurada, qu-é a quennes il se refería. Iste xesto retratao de corpo enteiro.

Eu presentaría a Otero Pedrayo ante calisquera xente, d-este xeito, sinalandoo co dedo: Ist-home qu-eiquí vedes, de figura ergueita e baril e porte señorial, é un fidalgo Orenseano que chega ó Novo Mundo en misión de cidadanía, espallando arreo cultura, dinidá e simpatía. É un patriota auténtico i-on demócrata integral, que percorre istos pagos a cata de loureiros para llos ofertar manñán, reverente, a nosa Terra involuáble. É un galego de casta máis que vai pol-o mundo "c-unha estrela na fronte e nos beizos un cantar..." Sant-Iago de Chile, Xulio de 1947.

Emigración e Liberdade

Dende nenos todol-os homes vamos seguindo un dobre desenrolo no senso físico e no espiritual. O físico lévase a cabo seguindo as leis fisiolóxicas comúns a todol-os seres vivos da terra e de acordo a un plan físico-químico de asimilación. No senso espiritual son as leis sociais as que gobernan a súa conformación i-evolución. E así que a hestoria proiéntase no presente sendo iste un estado social produto da súa evolución no longo decorrer dos tempos. O neno atópase influenciado pol-o sin fin de fenómenos económicos, sociais, relixiosos e políticos da súa familia, da súa aldea e da súa comarca construído o seu xeito espiritual, na adaptación a ese medio social pra poder manter a perpetuación da especie. Surxe eisi ó adolescente e a súa futura ubicación como engranaxe da gran maquinaria que é a súa patria. Mais si a súa constitución étnicopsicolóxica non se atopa c-un ambiente cómodo e si fracasan os seus medios de adaptación surxe a rebeldía que se resolve en dúas formas: ou loita ou se arreda. N-este resume social vexo eu o problema da emigración. Un anxeio de conquistar pro futuro o ancestral estado de liberdade, posto de manifesto como un carácter d-un povo fixado na estrutura do seu instinto.

O país celta, espallamento de clans sin organización nacional, loita rexamente frente ó román por conservar a súa liberdade. Verte mares de sangue pol-a mesma causa frente ó suevo bárbaro. Non quer traicioner ós seus antergos ante o tropel sarraceno. A monarquía asturián non atopa sosgo nos dominios galegos, como non-o atopa a coroa de León. E non podía suceder outra cousa coa de Castela. Pero eiquí xa se presenta a outra solución co descubrimento de América; i en troques da loita, é o arredismo na forma da emigración.

Quero con isto demostrar que a Galiza sometida ó centralismo absorbente non é a patria dos galegos; ó menos non é o medio social necesario pro natural desenrolo das súas forzas espirituais — artísticas, literarias, científicas —, necesitando chegar a povos máis ceibes donde pór de manifesto todo o seu poderío creador.

Si en troques de ese medio hostil o galego atopárase nunha terra cuia persoalidade política fose respetada, cuio lingoaxe fose a expresión dos seus caracteres psicolóxicos e cuios problemas sociais ou colectivos fosen encauzados en solucións a xeito coa i-alma do seu povo, ceibaría o seu espírito a gozar da vida no contacto ca natureza, desenrolando as súas posibilidades científicas, literarias e artísticas sin ter que recurrir á loita nin á emigración.

Por eso recordo ós galeguistas de Bós Aires o programa das Irmandades como norma a seguir a cotío por estar encuadrado a xeito pro noso devenir:

- 1º Espallar o uso da nosa lingoa.
- 2º Conquerir unha ampla autonomía pra Galiza.
- 3º Traballar pol-a solución de

CANTIGAS

"ARELAS MOLLADAS"

Hai días tan pechos, tan negros, tan leuros
cual noites escuras;
hai risas que esconden no fondo do seo
un mar de tristuras.

¡Mais tamén hai cantos
que rezuman bágoas cual si foran prantos!

Cos ollos tristesos pousados no infinda,
con fonda nostalgia,
ca trémola verba ximindo saudades,
o mozo cantaba:

¡Qué lonxe da terra dos meus agarimos!
¡Qué lonxe da praia donde eu me críese!
Naiciña querida, ¡qué orfño me vexo
desde a noite escura que te abandonei!

¡Souberas, Galiza, que soio me sinto
tan lonxe da aldea, tan lonxe do lar!
¡Quen fora estrela do teu firmamento,
gotiña de orballo ou ondina de mar!...

E contan as lendas que cuando o mociño
seu canto acabou,
zurdin de entre os aides a voz de unha moiga
que así lle cantou:

Mociño que choras, enxuga o teu pranto;
¡Un mozo garrido non debe chorar!
Arelas molladas con auga de bágoas
son torres de espuma na chaira do mar!

Gueiteiro que ximes
na gaita embruxada
lamentos e choras
da Patria aldraxada:

Si ouvires un día ruzir na ribeira
troar de foguetes, cantar de rúada...
¡levántate axiña tocando a muiñeira
ou salta do leito entoando a alborada!
I-os que non bailaren da gaita ó compás,
(tra-la-lara-lara)

(tra-lara-lalá)...
Non son mercescentes de entrar na foliada;
¡Non son bós galegos
nin deben bailar!

I I "XA CHEGOU O VRAN"

A gaita xa enboa,
xa ruxe o pandeiro:
(leré-leré-leré)
(Pam-plam-ratamplán)
O tempo é chegado
de entrar no terreiro,
de arrimarse á moza
e porsue a bailar...
¡Qué ben baila Pedro!
¡Qué ben baila Xan!
Da gozo, rapazas,
de vel-os bailar...
Baila, baila, meu mociño,
repenica a muiñeira,
e non deixes ós alleos
puntear ca compañeira.

Xa pasou o inverno,
xa chegou o vran:
Ide, rapaciñas,
ide a colleitá.

Galega meiguíña,
recada a fouceira;
galego meigueiro,
recada o fungeiro

¡mallo i-o engazo i-as cordas de atar:
e... ¡duro na sega, mociña solteira!
e... ¡duro na malla, mociño galán!
que vosa é a leira,
que voso é o pan.

Despois da labouza da vosa ceifada,
correde os coños, pasade a cribada,
ventade o centeo do principio ó fin,
¡hasta que non quede nin rastro nin cheiro
de broza noxada, de grau cizañeiro,
nin palla quebrada, nin herba ruín!

Galega meigueira,
galego meigán:
que vosa é a leira,
que voso é o pan...

ANTON DE RABAE.

O seu TRAXE

O seu SOMBREIRO

A sua CAMISA

A sua ROUPA INTERIOR

MERQUEOS EN:

CELTA

FEDERICO LACROZE 4086
UNHA CASA
ENTEIRAMENTE GALEGA

todol-os problemas colectivos
e permanentes da terra galega.
4º Traballar pol-a difusión da
nosa cultura científica, lite-

raria e artística.
5º Intervir na política pra que
esta se faga en proveito do
povo.

Abellón

Déspotas incansables,
Porrá, fozendo grillóns;
Pode optimar o ferro,
Un corpo enfragorido;
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extinguíndose)
Ricardo FUNDAL

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

Año XXX ★ BÓs AIRES, OUTUBRO DE 1947

★ Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

★ Núm. 456

CORREO ARGENTINO Central B	FRANQUEO PAGADO
	Concesión No. 2032
	TARIFA REDUCIDA
	Concesión No. 2727

As Eleizóns no Centro Galego Mercedo Castiño

O domingo 26 do corrente, o eleitorado do Centro Galego de Bós Aires, en limpa manifestación democrática, impuxo mercedo castigo ás inconduitas, ás desviacións e ás treidorías. O castigo é duro e moi grave; mais constitúe unha crara leición que á ser, sen dúbida, de moitísimo proveito. A moralidade e a ixiene saíran gañando.

Dende logo, que se non fagan ilusións os inimigos das arelas de liberdade e dos sentimentos republicáns e democráticos do povo galego de Bós Aires. A votación dos socios do Centro Galego, que deu o trunfo á candidatura da Agrupación "Galicia", non foi unha votación antigaleguista nin antirrepublicán. Foi unha nítida e rexa expresión de repudio ao xogo lixoso, ás indiñas maquinacións e ás deslealtades en que veu incurrido, con cínica teimosía, o chamado "núcleo de Lalín", dende o día seguinte d'aquíl estraordinario e resoante trunfo galeguista republicán do ano 1938. No seguinte día mesmo, d'aquela gloriosa vitoria acadada pola conxunción das Agrupacións "Celta", "A Terra" e "Unión Galega" baixo o signo galeguista-republicán, afrou na "Cova de Lalín" a deslealtade: se marcou o incumprimento do Pauto, procurando cortarlle o camiño pra Xunta Directiva ao persoeiro da "Unión Galega" señor Manuel Silva, maquinazón que fixo abortar o persoeiro do galeguismo. D'elí en adiante foi unha ringleira de tortas maniobras, de hipocresías, de incumprimento de solenes promesas, de baixas e noxentas aicións, de tristes envenas, de ridículas vaidades e petulancias e de mours concurras pra luxar, descretar e desprazar aos homes puros e leais que, ademais de traballar con entusiasmo e con eficacia polo Centro Galego, mantiñan afervorada e rexamente os ideais galeguistas e republicáns que o eleitorado consagrara de xeito rotundo e cramoso.

Foi o ir desprazando xorda e teimosamente, con procedementos arteiros, das frias d'Agrupación "Celta" aos homes máis capaces, os homes de maor cultura e de máis reciedume no defendemento dos principios galeguistas e democráticos; foi o "sabotear" cínicamente os plans de acción cultural galega que se lle habían ofrecido ao eleitorado; foi o impór caciquilmente as candidaturas de homes semi-analfabetos, sen capacidade nin ideais, sen máis merecementsos que os de seren probes monifates manexables a gosto do "clan de Lalín"; foi o cobrir de vergoña aos galegos e de desprestixio á colexividade, coas mostras de probeza cultural dadas en solenes aitos públicos ou en solenes transmisións radiotelefónicas polas presidentes que a Agrupación "Celta" lle veu impondo ó Centro Galego; foi o se mofar dos sinxelos e nobres sentimentos, aberta e xenerosamente espotos pol-a abrumadora maoría dos socios do Centro Galego, poñendo a bandeira benchamada "mata nenos", deixando de pór a sagra bandeira galega, tendo vergoñentas concomitanzas con persoeiros do réxime nefasto que sofre a nosa patria...; todo elo rematado coa treidoría máisima: a do recibimento da embaixada falanxista chegada no cruceiro "Galicia"...

O gran Castiño, con sagra indiñazón, os tivo que marcar a fogo públicamente. E ilo foi o que ergueu a colexividade pra protesta que fixo pública e que lavou a mancha que nos botaran enriba os directivos pseudo republicáns do Centro Galego; e ilo foi o que moveu a un dos nosos a non deixar que o Presidente do Centro Galego

Manoel Otero concurrese, coma se propuña facelo, ao banquete con que se premiaba unha conduta galeguista e republicán reuta e limpa; e ilo foi o que moveu á Agrupación "A Terra" a repudiar a Agrupación "Celta" negándose a ir na súa compañía nas eleccións do derradeiro ano; e ilo foi, en definitiva, o que moveu ó eleitorado do Centro Galego a lles impór o castigo da rerola abroxante do domingo 26 do corrente.

O povo soberán, agardou con serenidade e con esperanza, un ano e outro ano, as reificacións salubres que non chegaron. Xenerosamente tolerou as egolatrías, as defecións ideolóxicas, as deslealtades, os desleixamentos e os mangoneos do torvo e hipócrita primeiro presidente celtista; tolerou as burradas vergoñentas, a supina inoranza e a deixación d'autoridade —monifate manexado!— do presuntuoso segundo presidente celtista; foi tolerando as mugallas, o "dolce far niente", a multidude, a falla de actitudes e hastra as fachendosas e ridículas presentacións en público do terceiro e derradeiro presidente celtista. Tolerou e tolerou... Mais a treizón máisima, a treizón aos sentimentos galeguistas e republicáns que tivo culminazón na terceira presidencia celtista, isa é que xa non-a tolerou!

Nas eleccións do ano pasado, o eleitorado ben dera craras sinais que deberon ser atendidas, si a soberbia e o engreimento dos "de Lalín", mangoneadores d'Agrupación "Celta", non os cegase; e si as impacencias e as ambicións pequenas dos mudidores d'Agrupación "A Terra" non os desviase da certa e dñia posición na que fora colocada pra actuar soa, ceibe do xugo que lle tiña posto e lle voltou a pór a "Celta".

O eleitorado castigou. Doulle o trunfo á Agrupación "Galicia", coma unha labazada firante na face dos farsantes e treidores. Non tiña outra maneira de impór o castigo. A torpeza dos directivos d'Agrupación "A Terra", desbotando os seus consellos da súa máis outa figura, do señor Manuel Puente, no senso de se manter alonxada da luxada "Celta" e de se persentir con lista propia quitoulle ao eleitorado a posibilidade de castigar, sen ter que darlle o trunfo a uns homes que, se ben no orde persoal son merescientes de todos os respetos, no orde ideolóxico non istán a carón dos sentimentos da maoría dos socios. O povo galego de Bós Aires xulgou e condenou con verdadeira xustiza.

Agora compre —e ben quixéramos n-elo confiar— que os homes trunfantes d'Agrupación "Galicia", seipán darlle a reuta interpretación que corresponde o aito eleitoral que os leva ao goberno do Centro Galego. Que seipán, con outura e patriotismo galego, respetar os sentimentos que lles ben saben que son os da maoría dos socios da entidade. Que non caian na locura de se engeguecer polo trunfo e de luxar o sagro ámbito do noso grandeiro Centro Galego con invasións totalitarias dos inimigos da Democracia e da Liberdade. Que recorden sempre que, por habelo inciado "os de Lalín", anque soamente de xeito indireito e vergoñante, tiveron o castigo do eleitorado. Os primeiros en castigar ao presidente e aos directivos trunfantes, sería a propia masa de afiliados republicáns e democratas con que conta a Agrupación "Galicia", cuia lealtade a os seus ideais non temos dereito a poñer en dúbida.

Pra rematar coa decorosa obriga d'iste acedo comentario, temos de dicir que agora ven pras Agrupacións "Celta" e "A Terra" o intre de eixir estreitas responsabilidades aos causantes da derrota que sufriron; o intre de depurar as suas fías; o intre de facer aito de contrición verdadeira e de pórse a reparar os graves danos que se fixeron.

A patria galega e os ideais democráticos e republicáns esí o demandan impeirosamente.

A XEIRA DE DON RAMON OTERO PEDRAYO

Un dos máis outos acontecementos que se deron no ambiente galego de Bós Aires, dende a derradeira publicación d'iste periódico hastra hoxe, foi a estraordinaria xeira cultural desenrolada n-iste país polo esgrevio profesor Otero Pedrayo, baixo o patrocinio da Comisión de Cultura do Centro Galego. A NOSA TERRA, anque folla política, é, por enriba de todo, unha expresión de afervorado patriotismo galego; polo tanto, non pode deixar de rexistrar nas suas páxinas feito tan trascendental pra o prestixio de Galiza nas terras do Plata, non embargantes haberse desenrolado toda a laboureira de Otero Pedrayo eiquí nun plano escrivivo e nidiamente cultural ao marxe da política. Coa cabaleirosidade e o señorío espíritoal que o caracteriza, cinguíu a súa actuación ao cometido que lle encomendara o Centro Galego, entidade que, polos seus Estatutos e polo seu carácter, e craramente apolítico.

O éisito acadado por Otero Pedrayo foi resoante, non xa no ambiente galego, senón tamén nos círculos culturais arxentinos e uruguayos. Fíronlle brindadas as máis outas tribúas de Bós Aires, Montevideo e Méndoz, nas cales foi presentado por ilustres intelectuais de ambos países. E os grandes xornais, entre os que temos de sinalar "La Prensa" e "La Nación", que son os maors periódicos de lingua castelán e son dos máis importantes do mundo, adicaronlle eistensas i eloxiosísimas crónicas coma soio o tiñan feito coas máis ilustres personalidades de releve universal que visitaron estes países. A erudición e a eloquencia de Otero Pedrayo abarxaron aos numerosos e calificados públicos que acugularon os locais onde ditou as suas brillantes e ilustrativas conferencias. Galiza, polo verbo escrarecido de tan esgrevio fillo, resou e locou con outa categoría nas dúas bandas do Río da Plata. Con elo, os 700 mil galegos re-

sidentes na Arxentina e no Uruguay, tivemos a máis fonda satisfacción espíritoal e o máis nobre orgullo patriótico.

En Bós Aires, o señor Pedrayo ditou conferencias no Instituto Popular de Conferencias, a máis outa e prestixiosa entidade do seu xénero n-iste país, dende cuia tribúa teñen falado todas as personalidades literarias e científicas mundiaes que visitaron Bós Aires; no Instituto Mitre, califí cada corporación adicada a estudos históricos; no Consello Nacional de Mulleres, a máis importante entidade cultural de profesoras, literatas e artistas d'América; no Colexio Nazonal de Bós Aires, anexo a Universidade; na Asociación de Profesores Secundarios; no Club Universitario; na Asociación Cristiana de Jóvenes e na Asociación de Médicos Católicos. Elo aparte, falou á colexividade galega, no aito orgaizado polo Centro Galego no Cine-Teatro Broadway, coa concurrenza de miles de compatriotas; no gran Salón-Teatro da Federación de Sociedades Galegas, na que falou escrivivamente pra nosas xentes no noso idioma galego; no locido xantar que lle ofreceu o gran Centro Orensano e no banquete que lle brindou o Centro Galego no aristocrático Plaza Hotel.

En Mendoza ditou maxistral conferencia na Universidade de Cuyo baixo o patrocinio do Centro de Estudios Históricos. Tamén falou no agasallo que lle fixo a Irmandade Galega que preside o gran patriota galego, Don Manuel Cacheiro Rey.

En Montevideo dou conferencias no Ateneo, a máis importante entidade cultural do Uruguay, e na Universidade. Esí mesmo falou á colexividade galega, no noso idioma, na recepción e agasallo que lle ofreceu Casa de Galicia, a grandeira entidade mutualista e cultural d'aquíl país.

Os temas desenrolados en todas as conferencias e discursos de Otero Pedrayo, foron galegos. A súa xeira cultural istivo integramente adicada a dar a coñecer e a eisaltar a Galiza; a ecuménica espíritoalidade de Compostela, a xeografía galega, a historia galega, o arte galego, o romanticismo galego, as grandeiras figuras galegas... ¡Galiza sempre no seu verbo prodixioso; e si "sempre en Galiza" co corpo, co curazón e coa i-alma!

O inxente tesouro das suas disertacións foi recollido taquígraficamente pra ser editado polo Centro Galego. Elo a ser unha estraordinaria aportazón á cultura galega. En canto á disertación que fixo en galego na Federación de Sociedades Galegas, foi grabada en disco, constituindo un documento vivo de outisimo valimento

HOMAXE A AVELINO DIAZ

C-o gallo da publicación dos seus libros de poesía galega e castelán, aparecidos derradeiramente, a Irmandade Galega está orgaizando unha demostración d'aprecio a este eiscelente amigo e militante galeguista.

Consistirá este homaxe, en un banquete a realizarse no mes de nadal. Esta iniciativa de Irmandade, conta coa simpatía de moita xente da nosa colexividade, e, desde logo, descóntase como un éisito rotundo, dado o intrínseco despertado por esta merecida demostración